



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión CONSTITUTIVA
DA CORPORACIÓN PROVINCIAL
do 18 de XULLO de 2023



ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA REALIZADA O DÍA 18 DE XULLO DE 2023.

No salón de sesións do pazo provincial, sendo as doce horas e oito minutos do día dezoito de xullo de dous mil vinte e tres, coa fin de dar cumprimento ás normas sobre constitución da Deputación provincial contidas na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño de réxime electoral xeral, no Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña, concordante neste punto co Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, reúnense os trinta e un deputados/as provinciais electos/as tras as eleccións locais de maio de 2023 e proclamados polas sete Xuntas Electorais de Zona da provincia. Os/As mencionados/as deputados/as provinciais electos figuran nas relacións remitidas polas respectivas Xuntas Electorais de Zona e todos/as presentaron a correspondente credencial na Secretaría Xeral da Deputación. A relación por orde alfabética dos devanditos deputados e deputadas, presentes na sesión, é a seguinte:

MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	BNG
JOSÉ RAMÓN AMADO DE LA FUENTE	PP
EVARISTO BEN OTERO	PP
JOSÉ MANUEL CAAMAÑO LÓPEZ	PP
CALVELO MARTÍNEZ, JOSÉ CARLOS	PP
CRISTINA CAPELÁN CANCELO	PSOE
BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO	PSOE
IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU	PP
ROSA ANA GARCÍA LÓPEZ	PSOE
GARCÍA REY, CRISTINA	BNG
ÁNGEL GARCÍA SEOANE	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
MARÍA DEL MAR GARCÍA VIDAL	PSOE
VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO	PSOE
NATIVIDAD DE JESÚS GONZÁLEZ RODRÍGUEZ	BNG
JOSÉ MANUEL LAGE TUÑAS	PSOE
ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
MIGUEL LORENZO TORRES	PP
MARTÍNEZ CARRILLO, CARLOS	PP
MARÍA DEL MAR MÉNDEZ VILELA	PP
EUDOXIA MARÍA NEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
MARÍA JESÚS NOVO GÓMEZ	PP
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL	BNG
FERNANDO PÉREZ FERNÁNDEZ	PP
XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
ROBERTO REY MARTÍNEZ	PP
JOSÉ RAMÓN RIOBOO CASTRO	PSOE
ROBERTO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ	PP
MÓNICA RODRÍGUEZ ORDÓÑEZ	PSOE



SUSANA MARÍA SANJURJO FRAGA
AVIA VEIRA GONZÁLEZ

PP
BNG

Actúa como secretaria, a secretaria xeral da Corporación, dona Amparo Taboada Gil.

Á vista das credenciais e da documentación presentada polos deputados e deputadas electas, determínanse as persoas que compoñen a MESA DE IDADE, que forman os deputados de maior e menor idade e que resultan ser don Ángel García Seoane e dona Cristina García Rey, respectivamente, os cales, xunto coa secretaria, integran a Mesa que preside o acto.

Aberta a sesión polo presidente da Mesa de Idade, a secretaria xeral dá lectura ás disposicións oficiais que regulan o acto, facendo constar que se efectuaron as previsións contidas no Regulamento orgánico da Deputación respecto do arqueo e ao inventario do patrimonio da Corporación. Dá conta, así mesmo, de que se cumpriu o establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 75.7, sobre rexistros de intereses e incompatibilidades, por canto se cubriron as correspondentes declaracións por todos os deputados e deputadas electas.

Comprobadas as credenciais, comeza a toma de posesión dos novos deputados, chámanse, en primeiro lugar, os integrantes da Mesa de Idade e logo o resto dos deputados por orde alfabética. Toman posesión do seu cargo pronunciando persoalmente a fórmula solemne: "Xuro/prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado", nos seguintes termos, recibindo a seguir a medalla da provincia como signo distintivo da súa nova condición de deputados e deputadas provinciais.

Sr. García Seoane

Prometo, pola miña conciencia e honor, cumprir fielmente, como sempre o fixen na miña vida, as obrigacións do cargo de deputado con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sra. Cristina García Rey

Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputada e, por imperativo legal, facelo con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sra. María Soledad Agra Tuñas

Prometo, por imperativo legal, gardar lealdade ao rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado. E comprométome, pola miña conciencia e honra, a cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputada e a defender os dereitos e intereses xerais do pobo galego.



Sr. José Ramón Amado de la Fuente

Juro, por mi conciencia y honor, cumplir fielmente las obligaciones del cargo de diputado, con lealtad a su majestad el rey, y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado.

Sr. Evaristo Ben Otero

Juro, por mi conciencia y honor, cumplir fielmente las obligaciones del cargo de diputado con lealtad al rey y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado.

Sr. José Manuel Caamaño López

Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. José Carlos Calvelo Martínez

Xuro e prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigacións do cargo de deputado con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sra. Cristina Capelán Cancelo

Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputada con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Bernardo Fernández Piñeiro

Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputade con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sra. Izaskun García Gorostizu

Juro, por mi conciencia y honor, cumplir fielmente las obligaciones del cargo de diputado, con lealtad al rey, y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado.

Sra. Rosa Ana García López

Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.



Sra. María del Mar García Vidal

Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputada con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Valentín González Formoso

Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sra. Natividad de Jesús González Rodríguez

Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputada e, por imperativo legal, con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. José Manuel Lage Tuñas

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Antonio Leira Piñeiro

Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. José Manuel López Varela

Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Miguel Lorenzo Torres

Juro, por mi conciencia y honor, cumplir fielmente las obligaciones del cargo de diputado, con lealtad al rey y a la Corona, observando los valores y principios que me enseñaron mis padres y mis maestros, y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado.



Sr. Carlos Martínez Carrillo

Xuro, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sra. María del Mar Méndez Vilela

Juro, por mi conciencia y honor, cumplir fielmente las obligaciones del cargo de diputado, con lealtad al rey, y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado.

Sra. Eudoxia María Neira Fernández

Prometo, por mi conciencia y honor, cumplir fielmente las obligaciones del cargo de diputada, con lealtad al rey, y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado.

Sra. María Jesús Novo Gómez

Xuro, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputada, con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Xosé Penas Corral

Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente coas obrigas do cargo de deputado e, por imperativo legal, con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Fernando Pérez Fernández

Xuro e prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado e por responsabilidade cos veciños e veciñas da provincia da Coruña, especialmente a dos concellos máis pequenos e avellentados.

Sr. Xosé Regueira Varela

Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado e, por imperativo legal, con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.



Don Roberto Rey Martínez

Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. José Ramón Rioboó Castro

Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Roberto Rodríguez Martínez

Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sra. Mónica Rodríguez Ordóñez

Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sra. Susana María Sanjurjo Fraga

Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputado con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sra. Avia Veira González

Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputada e, por imperativo legal, facelo con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Rematada a toma de posesión dos trinta e un deputados, o presidente da Mesa de Idade, don Ángel García Seoane, DECLARA CONSTITUÍDA A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

O presidente da Mesa anuncia que se vai elixir o presidente da Corporación e advirte que a votación será secreta, mediante papeleta que se introducirá na urna disposta para estes efectos. Solicita dos partidos políticos representados na Corporación a designación de candidatos para o cargo.

En nome do Partido Popular, propónse como candidato a don Evaristo Ben Otero e polo Partido Socialista Obrero Español propónse como candidato a don Valentín González Formoso.



Chámanse os deputados e deputadas por orde alfabética para que depositen o seu voto na urna. Completada esta primeira votación, a Mesa efectúa o escrutinio e o seu presidente declara o seguinte resultado:

“Dun total de 31 votos validamente emitidos, don Valentín González Formoso obtivo 17 votos e Evaristo Ben, 14. Polo tanto, obtivo a maioría absoluta na primeira votación e foi elixido presidente da Deputación Provincial da Coruña don Valentín González Formoso”.

O presidente da Mesa pregúntalle a don Valentín González Formoso se acepta o cargo de presidente da Deputación Provincial da Coruña. Responde afirmativamente don Valentín González Formoso e toma de inmediato posesión, pronunciando a seguinte fórmula solemne: "Prometo cumprir fielmente as obrigas do meu cargo como presidente da Deputación da Coruña e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

O presidente da Mesa proclama, en consecuencia, a don Valentín González Formoso como presidente da Deputación Provincial da Coruña e entrégalle o bastón de mando.

O novo presidente da Deputación pasa a ocupar a presidencia da sesión, á que tamén se incorpora o interventor, mentres os dous deputados provinciais que integraran a Mesa de Idade se retiran aos seus estrados.

Sr. Presidente

Moi bo días a todos e a todas.

Presidente da Xunta de Galicia, delegado do Goberno en Galicia, alcaldesa da Coruña, vicepresidente primeiro da Xunta de Galicia, fiscal xefe de Galicia, presidente da Deputación de Lugo, presidente da Deputación de Pontevedra, presidente da Deputación de Ourense, subdelegada do Goberno, reitor da Universidade da Coruña, presidente da Audiencia Provincial da Coruña, xefe superior de Policía, xeneral xefe da Garda Civil de Galicia, coronel xefe do Estado Maior, delegado de Defensa, alcaldes, alcaldesas, autoridades, amigas e amigos.

Promover a prosperidade na provincia é o mandato que o artigo 325 da Constitución de 1812 atribuíu ás deputacións. A bo seguro, esta encomenda estivo presente na sesión constitutiva da Coruña hai máis de 200 anos –reitor tamén, que non te vía– e con toda certeza, asegúrolles que esta idea vertebrou a nosa acción de goberno á fronte da Deputación nos últimos oito anos. Son apenas seis palabras, pero xuntas conforman unha frase poderosa e trasládannos un propósito soberbio e elevado, promover a prosperidade da provincia. Ese foi o meu deber e o meu compromiso nestes anos. Ter un coñecemento exacto dos intereses da provincia, das súas necesidades, dos recursos para remedialas e de canto poida conducir ao seu ben e prosperidade, pois detrás dela están as persoas, a cultura, os lugares, a historia e os soños desta terra. Un deber e un compromiso que manteño e renovo hoxe aquí, ante a nova Corporación que acabamos de constituír con responsabilidade, gratitude e ilusión.

Este compromiso, señoras e señores deputados, é o principio fundamental das deputacións e tamén o fin que persegue esta Corporación. Así o entendemos e, en consecuencia, actuamos, con personalidade administrativa, pero sobre todo con personalidade política, dende hai oito anos ao longo e ancho dos 93 municipios que conforman a nosa provincia, dende o máis pequeno, Corcubión, ao máis grande, As



Pontes; dende Cerdido, o menos poboado, ata a cidade que alberga a nosa sede, A Coruña.

Señoras e señores deputados, sobre a base do feito, seguiremos construíndo unha provincia de prosperidade industrial, social e cultural, verde e dixital. Unha provincia á altura das coruñesas e coruñeses, nunha acción política enriquecida coas aportacións tanto do Goberno como do resto dos grupos políticos e, por suposto, dos traballadores e traballadoras desta casa.

Fixémolo cumprindo os obxectivos propostos en cada mandato, cos instrumentos de planificación da Deputación dos que nos dotamos. O Plan único que incorporou axilidade e incremento histórico de recursos e autonomía nas decisións de priorización inversora por parte dos concellos. Fixémolo co Plan de emprego local, que revolucionou esta casa ao achegala ás prioridades da cidadanía, dinamizando o emprego e o emprendemento. E farémolo agora para vencer o gran reto poboacional e demográfico que afrontamos todos e todas e que asumimos por unha Coruña viva. Porque este será un dos principais compromisos deste mandato.

Este é o desafío que lles propoño para os próximos anos e que asumo en primeira persoa, axudar a voltear a pirámide poboacional en Galicia tamén dende a Coruña. Porque non queremos colexios sen nenas nin nenos, non queremos silencio nas rúas, non queremos fábricas sen máquinas e non queremos aldeas sen xente. Ao contrario, queremos ver abrir escolas infantís e comedores escolares, queremos escoitar berros e risas nos parques, queremos empresas que levanten cada mañá a persiana. O que queremos é pobos con xente, concellos con vida.

Volvo insistir, a pesar das dificultades, que a ninguén se lle escapan, nos últimos anos sentamos as bases para atrevernos hoxe a loitar contra a ameaza demográfica que xa temos ás portas e que pon en risco a sostibilidade de todo o sistema tal e como o coñecemos.

Nos anteriores mandatos o noso obxectivo foi subliñar a cooperación cos municipios, impulsar o emprego e revitalizar o rural. A pandemia e a invasión de Ucraína deron lugar a unha crise que exixiu o mellor de todos nós. E fomos quen de poñer en marcha medidas extraordinarias en tempo récord para a contención do impacto económico e social nos concellos e na súa veciñanza. Fomos o primeiro escudo de protección.

O Plan de obras e servizos ten sido un exemplo de cogobernanza cos concellos e da colaboración institucional que sempre presidiu esta casa. Máxima autonomía para decidir o destino dos fondos e un reparto obxectivo e equilibrado. Unha distribución que responde a necesidades e non ás cores políticas de cada un. Hoxe os concellos da Coruña perciben entre 4 e 5 veces máis fondos que antes, e nos últimos anos sumamos máis de 500 millóns de investimento en máis de 3.000 obras.

Máis e mellor emprego. O fomento da actividade económica e o emprendemento son evidencias que definen o Plan de emprego local, un plan que abranxe de maneira global a aposta pola creación de emprego de calidade. Apoiamos os autónomos sufragando cotas sociais, favorecemos a creación e consolidación de pemes no rural, aproveitamos os recursos do Plan de recuperación do Goberno e confiamos na nosa mocidade.

Os resultados están aí. Nos últimos anos temos favorecido a creación de 5.376 empregos, e digo ata o último número porque todos son importantes e cada un deles responde a un proxecto de vida. Apoiamos máis de 4.500 empresas na provincia. Creamos 12 espazos de *coworking* para 200 pemes galegas. En resumo, investimos máis



de 100 millóns de euros de forma directa en políticas de emprego e máis de 20 millóns de apoio extraordinario a sectores produtivos como pescadores, gandeiros, agricultores e transportistas e autónomos en xeral en amparo pola crise de Ucraína.

As infraestruturas e o emprego teñen sido eixos do noso mandato e seguirán a selo, pero sen deixar de reforzar o compromiso industrial e dixital, como o caso do Proxecto Coruña Estudo Inmersivo, que emprendemos da man do Cluster Audiovisual de Galicia, da Universidade da Coruña e do Concello da Coruña, co investimento de 8 millóns de euros que suporá unha revolución de oportunidades e un posicionamento estratéxico da cidade e da provincia no sector audiovisual, ou tamén como acompañantes na Cidade das TIC.

A aposta social con programas de 400.000 horas de Axuda no Fogar a Maiores, o servizo de teleasistencia que chega a 3.200 persoas usuarias, como Manuel en Carnota, con 88 anos, ou Sagrario, en Neda, con 82. O apoio económico continuado a máis de 600 entidades sociais ou o novo programa de residencias públicas comarcais que busca garantir a cercanía aos fogares dos maiores, evitando o desarraigo, proxecto no que nos gustaría colaborar coa Xunta de Galicia.

Como non, manteremos a nosa aposta pola igualdade e a loita contra a violencia de xénero, na que o noso compromiso seguirá a ser inquebrantable co sostemento e ampliación das casas de acollida de mulleres vítimas desta lacra. Unha aposta pola cultura, a educación, a lingua e o deporte coa potenciación da maior rede de apoio cultural de todo o país e, por suposto, o apoio ao rural.

Nos últimos anos desenvolvemos unha política transversal, omnipresente, diría, para descentralizar a Administración e devolver o protagonismo ao rural, sen deixar de afrontar proxectos ambiciosos dende o liderado provincial. Sirva de exemplo a oficina Acelera Pemes en Ponteceso, que busca dinamizar a dixitalización das pemes da provincia; ou a oficina “Next de Fondos Europeos” na Capela como centro de xestión das convocatorias “Next Generation” dirixidas a concellos, proxectos ambos que, de non existir a sensibilidade dos grupos que se require co asunto, estarían ubicadas nos centros de calquera cidade da provincia e non en vilas de 5.000 e pouco máis de 1.000 habitantes respectivamente.

Temos feito un intenso traballo e os resultados están aí. Hoxe, a provincia da Coruña é o motor económico e social da nosa comunidade e seguro que algo terá que ver coa aportación desta casa, dos concellos e da propia sociedade coruñesa. Hoxe temos mellores servizos, mellores infraestruturas, un patrimonio mellor coidado, unha oferta turística incomparable e unha economía máis robusta. De feito, A Coruña suma máis de 94.000 empresas, o 41,5 % do total de Galicia, o 54 % das empresas cotizadas do noso país, e somos a décima provincia de España por produto interior bruto.

Non está mal, pero cremos que non debemos conformarnos. As xeracións futuras exixen máis esforzo, esforzo que lle vén ben ademais a Galicia. Temos feito política, porque isto é facer política construtiva e en positivo. E isto é ao que me comprometo a seguir facendo, o que levo facendo desde que teño uso de razón dende a miña primeira responsabilidade pública en As Pontes. Cada día con máis experiencia, cada día con maior optimismo e ilusión, e sempre coa mesma apelación ao diálogo permanente nunha senda bicentenario de acordos e colaboración co resto das administracións. Fronte á confrontación, aos vetos e ás posicións dogmáticas, reivindico hoxe a mellor política, a que respecta o contrincante político, a que busca aplicar o seu ideario sen menosprezar o do resto, a que añora a súa concepción de sociedade, pero conta co dereito dos máis a



ter outra. Iso que os clásicos chamaban diálogo social impulsado, iso si, por quen a representa democraticamente.

Seguindo as ensinanzas dos meus pais co acubillo e co cariño da miña familia e atendendo aos nosos principios progresistas, quixera seguir facendo honor ao artigo 325 de La Pepa, ao artigo 141 da nosa Constitución e ao 36 da Lei 7/85 para asegurarnos de que o millón de coruñeses e coruñesas que habitan a terra de Pondal están máis preto de deixar atrás as súas preocupacións e máis preto de acadar os seus soños.

É unha tarefa nobre que compartimos os deputados e deputadas desta Cámara, aos que agradezo dende xa o seu compromiso neste novo mandato por facer da Coruña unha provincia máis plural, máis social, con máis servizos e con máis dereitos. Por convicción e pola conxuntura actual, é momento de defender dereitos con investimentos para fortalecer os nosos principios a igualdade, a equidade e a xustiza social. Nunca deixaremos de defender o máis débil, nin permitiremos que se poña en dúbida a loita contra a violencia de xénero, nin as conquistas de dereitos no ámbito LGTB. E, por suposto, defenderemos o investimento en educación e en cultura. Con rigor das contas, traballaremos pola Coruña do futuro, unha Coruña industrial e rural, unha Coruña cohesionada social e territorialmente, unha Coruña dixital e innovadora, unha Coruña para vivir e tamén para vivila. Farémolo dando continuidade aos programas e proxectos en marcha, pero, como sinalaba ao inicio, facendo especial fincapé na loita transversal e global contra a despoboación. A realidade dinos que o propósito que asumimos non é nada doado. Galiza é cada vez máis cativa. Morren máis dos que nacen e vanse máis dos que volven.

A Coruña, esta provincia, non escapa a esta realidade. Aínda que representamos o 41,6 % da poboación da nosa comunidade, nos últimos anos o número de mortes duplica o número de nacementos. E, no mesmo tempo, 38.500 coruñeses e coruñesas abandonaron a nosa provincia. Hoxe a poboación de moitos dos nosos concellos xa ingresa máis por pensións que por salarios e cada vez son máis os recursos que adicamos a atender os nosos maiores, limitando tamén o investimento noutras iniciativas. Temos 1.342 aldeas baleiras na Coruña. Un de cada tres núcleos da nosa provincia ten cinco ou menos habitantes. Unha realidade que non nos podemos permitir. Unha realidade que non podemos aceptar. Por iso, imos reforzar o papel da Axenda Rural Provincial e imos investir como nunca en servizos de benestar social e conciliación que fixen poboación, que fomenten a realidade, a natalidade e que atraian novos veciños aos nosos concellos.

As infraestruturas e o transporte público seguirán sendo prioritarias co impulso a un novo modelo de mobilidade sostible xa en marcha que conta con 130 quilómetros hoxe mesmo de sendas ciclables xa construídas e en poucos anos co obxectivo de que un ciclista non teña que saír dunha senda da rede da Deputación para percorrer a distancia que separa A Coruña e Santiago de Compostela.

O despregamento da Internet e o fomento do emprego co apoio ás nosas pemes serán outras liñas básicas de actuación. Por suposto, temos que aproveitar a oportunidade dos fondos do Plan de recuperación para lograr este reequilibrio territorial que desexamos, para o que é necesaria a cogobernanza e colaboración coa implicación imprescindible dos concellos, da Xunta de Galicia e do Estado.

A suma de todo é xerar máis oportunidades e dar servizos públicos de calidade no rural, así faremos concellos atractivos para desenvolver vidas plenas. As cidades foron, son e serán protagonistas das políticas da Deputación, pero máis aínda os pequenos concellos,



os que máis nos necesitan, os que fan fronte ao gran reto dos próximos anos. É unha tarefa que faremos da man dos concellos, porque somos e nos sentimos o concello dos concellos. Pero tamén chamamos a sumar esforzos ao Goberno de España fundamental coas súas políticas e o Plan de Recuperación e, por suposto, á Xunta de Galicia no seu ámbito competencial, sempre coa máxima lealdade e xenerosidade, pero sen renunciar á defensa dos intereses desta terra.

Nestes anos temos demostrado a valía da Deputación e o papel singular dunha Administración que xa é moderna e eficaz. Aínda así, asumimos a responsabilidade de facela máis útil cada novo día.

Teño e temos o empeño de que as coruñesas e coruñeses saiban da Deputación, do seu papel, do que a Deputación fai con eles, por eles e para eles.

Volvo a dicir, farémolo co traballo de todos os grupos e a importante tarefa dos empregados públicos aos que aplaudo e aprecio polo seu labor, que co seu esforzo fan posible tantos proxectos e realidades. Como ata agora, farémolo coa man sempre tendida polo consenso e o acordo. Un Goberno activo e dinámico, que se atreve a facer cousas, que non espera aos acontecementos, e, sobre todo, preocupándonos de coñecer as distintas realidades dende a cercanía, percorrendo cada lugar, cada vila, escoitando e sacando tempo para cada coruñés e cada coruñesa.

Imos pór en valor o valor desta casa. Esa Deputación que asiste os concellos e que colabora coa sociedade, que apoia os sectores, que desenvolve políticas de turismo ambiciosas, como os cinco plans de sostibilidade que imos desenvolver por importe de 8 millóns de euros en áreas tan sensibles como o casco histórico de Ferrol, o patrimonio militar, coas baterías de costa de Ferrolterra, as Fragas do Eume, os fogóns do Anllóns e o seu parque Ortegal. Unha Deputación que conta con servizos contra incendios coa Xunta de Galicia, esa Deputación do Conservatorio e das Bibliotecas, que xestiona institutos e residencias, que atende os menores, que apoia as empresas e o tecido social, sendo exemplo de transparencia, cercanía e utilidade.

Queremos seguir construíndo unha Deputación que se asemelle a cada un de nós, a cada coruñesa e a cada coruñés, coas súas inquedanzas e ilusións, que pelexa por un futuro mellor. Por iso, no mandato que hoxe comeza plantexamos a acción prioritaria do Goberno en tres áreas transversais: a loita contra o despobamento; a creación de emprego, dinamización económica e coidado e apoio ao talento; e a aposta pola igualdade e a protección social dos maiores e dos colectivos máis vulnerables. Retos, todos eles, transcendentais, nos que ninguén será excluído, pois todos e todas somos necesarias. E, para iso, quero que esta Deputación seña alento e forza. Que seña alento e forza para que a mocidade emprenda sen medo; que esta Deputación seña alento e forza para as mulleres e homes que cremos na igualdade; que esta Deputación seña forza e alento para os maiores que nunca se renden. Quero que, por riba de todo, esta Deputación sexa forza e alento para o millón de coruñeses e coruñesas, para o millón de ilusións que persegue esta provincia. Queremos que esta Deputación, sinxelamente, seña panca e non carga, ponte e non muro, para conquistar o mellor futuro.

En definitiva, falamos dunha Coruña que cada mañá se ergue para conquistar o futuro, no que todas e todos tecemos soños que se funden e transforman na enerxía que fai avanzar esta gran provincia, alma de Galicia. Porque creo na Coruña das Fragas do Eume e da praia do Vilar, porque creo na Coruña de Murguía e de Lúa Mosquetera, creo na Coruña de AESIA e das nosas granxas, creo nesa Coruña inmensa, tan diferente e á vez tan grande e poderosa. Nunha Galicia e nunha Coruña sen complexos, soñando e



avanzando. Estou convencido de que esta Deputación debe e saberá estar á altura desa Coruña dos homes e mulleres da Coruña.

Grazas, señores e señoras deputados, por confiar de novo en min para presidir a Deputación da Coruña. Grazas en especial aos meus compañeiros e compañeiras de partido, unha formación política con 144 anos de historia á que me sinto moi orgulloso de pertencer. Grazas ao BNG por compartir de novo este ilusionante proxecto, coa mesma empatía e lealdade coas que levamos anos compartindo esta tarefa tan relevante. Grazas a Alternativa dos Veciños por contribuír todos estes anos a sacar adiante moitos temas importantes para esta provincia. Grazas aos deputados do Partido Popular, porque sempre espero e obteño unha oposición leal e construtiva con moitos puntos de encontro en beneficio da cidadanía. Grazas á miña familia, esposa e fillos. Grazas a todas as nosas familias, grandes sufridoras desta vocación de servizo público.

Sei que é a primeira vez na historia democrática desta institución que un presidente encara un terceiro mandato consecutivo. E isto, como dixen ao principio, engade a este día un inmenso sentimento de gratitude e, sobre todo, de responsabilidade, a de seguir construíndo xuntos unha provincia da que nos sintamos orgullosos e orgullosas. Orgullosos da nosa terra, da nosa identidade e da nosa historia. Orgullosos das nosas raíces, das xeracións que nos precederon e que sementaron en nós o legado do que hoxe somos: unha provincia moderna e próspera, de xente que traballa, que investiga e que crea, que soña e que mira ao futuro con confianza. A Coruña de Rosalía de Castro e de Castelao, a terra que inspirou a Pondal, os versos do noso himno, e que forxou a xenialidade artística de Díaz Pardo, Luís Soane e o neno Picasso. A provincia da Iria Flavia de Camilo José Cela e do Ferrol de Torrente Ballester. Da Compostela máxica e universal que inmortalizou Valle-Inclán na súa obra, do *Bosque Animado* de Fernández Florez, da Marineda de Emilia Pardo Bazán, que xunto a outra coruñesa, Concepción Arenal, foron as precursoras na defensa da igualdade e do feminismo en España. A terra na que persoeiros como Manuel Murguía asentaron os alicerces históricos do galeguismo, onde naceron a bandeira e o himno, e onde viu a luz o europeísmo máis vangardista de Salvador de Madariaga. En definitiva, unha provincia de progreso, feminista, plural e galeguista, sempre á vangarda do país, sempre aberta ao mundo, A Coruña que queremos e que aspiramos a seguir mellorando para as xeracións de hoxe e as que nos continuarán. Para esa gran tarefa, pido a axuda de todos e todas e ofrezco todo o meu traballo, ganas e ilusión.

Moitas grazas.

E agora levántase a sesión pero, como nos pregóns dos pobos, anúnciovos que hai pinchos aí en fronte. Moitas grazas.

Finalizada esta intervención, dáse por terminado o acto ás trece horas e cinco minutos.